

Lei 5/1996, do 6 de xuño, sobre o acceso ó contorno das persoas con deficiencia visual

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 271, do 1.6.1995.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 68, do 12.9.1995.

Emendas, BOPG núm. 335, do 17.10.1995.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 383, do 26.12.1995.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 464, do 14.5.1996.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 465, do 18.5.1996.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 100, do 21.5.1996.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 474, do 29.5.1996.

Diario Oficial de Galicia núm. 119, do 18.6.1996.

Boletín Oficial del Estado núm. 184, do 31.7.1996.

Lei 5/1996, do 6 de xuño, sobre o acceso ó contorno das persoas con deficiencia visual

Esta lei foi derogada pola Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de asistencia social.

Por outra banda, o Estatuto de autonomía, no seu artigo 4.2, que reproduce o artigo 9.2 da Constitución española, establece que lles corresponde ós poderes públicos de Galicia promover-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remove-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación económica, cultural e social.

Todo isto de acordo co establecido no artigo 49 da Constitución española, que establece como un dos principios rectores da política social a integración e o amparo dos diminuídos físicos e sensoriais para desfrutaren dos dereitos que a propia Constitución lles outorga a tódolos cidadáns.

A presente lei pretende abordar un aspecto concreto da accesibilidade incorporando as axudas técnicas, mediante guías, como un medio para que as persoas con

limitacións visuais poidan acceder ó contorno.

A disposición adicional primeira establece a obriga da Comunidade Autónoma de promover campañas para sensibilizala poboación e facilitar deste modo a adecuación da infraestrutura social ás necesidades dos diminuídos, neste caso das persoas con diminución visual, total ou parcial.

No ámbito estatal, a materia regúlase no Real decreto do 7 de decembro de 1983 e na Orde da Presidencia do Goberno do 18 de xuño de 1985, pero é unha normativa insuficiente e que ademais carece de regulamentación do procedemento sancionador.

A inexistencia dun réxime sancionador específico na materia non lles garante ós deficientes visuais o acceso a lugares, transportes e espazos de uso público. Por isto a lei pretende conseguirlo seu obxectivo mediante un sistema sancionador que permita facer efectivo o exercicio dos dereitos.

A realidade da coexistencia da Administración do Estado, das administracións das comunidades

autónomas e das entidades locais con competencias exercidas sobre o mesmo territorio demanda unha simplificación do procedemento a prol de facilitarlles ós cidadáns o acceso ós servizos administrativos.

A Comunidade Autónoma de Galicia, que por razón do seu nivel competencial asumiu a xestión da materia de asistencia social, con esta lei pretende acercar ó cidadán os servizos de tal maneira que o exercicio dos seus dereitos poida levarse a cabo cunha maior efectividade. Para tal fin incluíuse a disposición adicional terceira, para que as corporacións locais, no ámbito das súas competencias, se adapten á lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre o acceso ó contorno das persoas con deficiencia visual.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto da lei.

1. A presente lei ten por obxecto garantir lles ós deficientes visuais que vaian acompañados de cans guía o acceso ós lugares, esta-

blecementos e transportes públicos ou de uso público no ámbito de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido nos artigos seguintes.

2. Os educadores das escolas especializadas no adestramento de cans guía a que fai referencia o artigo 2 da presente lei, en tanto se encontren realizando exercicios de adestramento previo, e igualmente cando se trate dos de adaptación final individual, terán os mesmos dereitos e obrigas fixados para os deficientes visuais.

3. O exercicio do dereito de admisión queda limitado polas prescricións da presente lei.

Artigo 2. Concepto de can guía.

Teñen a consideración de cans guía aqueles dos que se acredite que foron adestrados en escolas especializadas, nacionais ou estranxeiras, de coñecida solvencia e adquirisen as aptitudes precisas para o acompañamento, condución e axuda dos deficientes visuais.

Artigo 3. Acreditación.

1. Para o exercicio dos dereitos establecidos na presente norma o usuario deberá acreditar:

a) Que o animal cumpre a condición de can guía de acordo co establecido no artigo anterior, para o cal se identificará por medio dun distintivo oficial que deberá levar en lugar visible. As condicións de

outorgamento deste distintivo, así como os requisitos para a acreditación dos cans guía, desenvolveranse pola vía regulamentaria.

b) O cumprimento dos requisitos hixiénico-sanitarios que se establecen no artigo 4 da presente lei.

2. Para os efectos do establecido no apartado anterior, a Xunta de Galicia pódelle encomendar a unha entidade pública ou privada a acreditación e identificación dos cans guía.

Artigo 4. Requisitos hixiénico-sanitarios.

1. Para obter a condición de can guía será condición indispensable acreditar que o animal non padece ningunha enfermidade transmisible ó home, entendendo por tales as incluídas no cadro de antropozoonose vixente en cada momento.

En todo caso, o can guía deberá estar vacinado de rabia, con tratamento periódico de equinococose, exento de parasitos externos e dar resultado negativo ás probas de leishmaniase, leptospirose e brucelose.

Para acreditar a carencia de tales enfermidades será preciso o recoñecemento do can guía por veterinarios en exercicio, os cales expedirán a certificación correspondente.

Para manter a condición de can

guía será preciso un recoñecemento periódico cada seis meses, con resultado negativo, sobre os parasitos e as enfermidades a que se refire o parágrafo segundo deste apartado.

2. Considéranse signos de enfermidade que impedirán o exercicio dos dereitos recoñecidos na presente norma, de acordo co que prescribe o artigo 5 dela, os seguintes:

- Signos febrís.
- Depilacións anormais.
- Deposicións diarreicas.
- Segregacións anormais.
- Sinais de parasitose cutáneos.

Artigo 5. Obrigatoriedade do cumprimento das condicións esixidas ó can para o exercicio do dereito polo usuario.

1. Non poderán exercitarse os dereitos establecidos na presente norma se o animal presenta signos de enfermidade de acordo co artigo 4.2, agresividade, falta de aseo ou, en xeral, presumible risco para as persoas.

2. Nos lugares, establecementos e transportes previstos no artigo 6 da presente lei, os cans deberán permanecer xunto ó usuario debidamente suxeitos.

Artigo 6. Determinación de lugares, establecementos e transportes públicos ou de uso público.

Para os efectos do sinalado no artigo 1, terán a consideración de:

a) Lugares e establecementos públicos ou de uso público:

— Os parques, xardíns e outros espazos de uso público.

— Os centros de lecer e tempo libre.

— As residencias, fogares e clubs para a atención á terceira idade, os centros de recuperación e de asistencia a minusválidos e mailos establecementos similares, sexan de titularidade pública ou privada.

— Os centros oficiais de toda índole e titularidade, dos que o seu acceso non se encontre vedado ó público en xeral.

— Os centros de ensino de tódolos niveis, públicos e privados.

— Os centros sanitarios e asistenciais públicos e privados, coa única excepción das zonas restrinxidas ó público en xeral.

— Os centros relixiosos.

— Os museos e as salas de exposicións e de conferencias.

— Os edificios e locais de uso público ou de atención ó público.

— Os hoteis, albergues, campamentos, bungalows, apartamentos, cidades de vacacións, balnearios, campings, parques de atraccións e zoolóxicos e os establecementos

turísticos en xeral destinados a proporcionarlles, mediante prezo, habitación ou residencia ás persoas, así como os restaurantes, cafeterías e cantos establecementos sirvan ó público, mediante prezo, comida e bebidas, calquera que sexa a súa denominación, e calquera outro lugar aberto ó público no que se presten servicios directamente relacionados co turismo.

— Os espazos de uso xeral e público das estacións de autocar, de metro e de ferrocarril e dos aeroportos, paradas de vehículos lixeiros de transporte e portos, calquera que fose a súa titularidade.

b) Transportes públicos:

Calquera tipo de transporte colectivo que sexa público ou de uso público e os servizos urbanos e interurbanos de transportes de automóviles lixeiros que sexan competencia das administracións galegas.

Artigo 7. Gratuidade do acceso.

O acceso dos cans guía ós lugares sinalados no artigo anterior, nos termos establecidos na presente lei, non dará lugar a ningún gasto por este concepto para a persoa con diminución visual.

Capítulo II

Réxime sancionador

Artigo 8. Infraccións.

O incumprimento do disposto nos artigos 1 e 7 constitúe infracción administrativa e débese sancionar de acordo co establecido no presente capítulo.

Artigo 9. Clasificación das infraccións.

1. As infraccións establecidas na presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Constitúen infraccións leves:

a) O cobro de gastos en contravención do artigo 7.

b) Tódalas conductas que, sen infrinxi-los dereitos recoñecidos na presente lei, dificulten o seu exercicio.

3. É infracción grave o incumprimento do disposto no artigo 1 en canto ós lugares, aloxamentos, establecementos, locais e transportes de uso público.

4. É infracción moi grave a reincidencia e a reiteración en infraccións graves.

Artigo 10. Procedemento.

En canto á tramitación e resolución dos expedientes sancionadores polas infraccións establecidas na presente lei, é aplicable o disposto na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo sancionador.

Artigo 11. Responsabilidade.

Son responsables solidariamente das infraccións as persoas que

organicen ou exploten realmente as actividades ou os establecementos e as persoas titulares da correspondente licencia ou, se é o caso, a entidade pública ou privada titular do servizo.

Artigo 12. Órganos competentes.

1. A incoación e a resolución dos expedientes sancionadores correspóndenlles ós concellos nos que tivese lugar a infracción dentro do seu ámbito territorial.

2. Na resolución dos expedientes sancionadores teranse en conta os informes que, con carácter de preceptivos e non vinculantes, poden emití-los distintos departamentos afectados en razón da materia.

3. A Comunidade Autónoma poderá subrogarse na dita potestade sancionadora por pedimento do interesado cando o órgano municipal competente non adoptase acordo de incoación do expediente sancionador no prazo de tres meses, contados desde a data de presentación da denuncia, ou non dictase resolución no prazo de seis meses, contados desde a mesma data.

Artigo 13. Sancións.

1. As infraccións leves sanciónanse cunha multa de ata 50.000 pesetas.

2. As infraccións graves sanciónanse cunha multa de 50.001 a 500.000 pesetas.

3. As infraccións moi graves sanciónanse cunha multa de 500.001 a 2.000.0000 de pesetas.

Artigo 14. Prescrición.

As infraccións administrativas establecidas na presente lei prescriben:

- a) As leves, ós seis meses de ser cometidas.
- b) As graves, ó ano de ser cometidas.
- c) As moi graves, ós dous anos de ser cometidas.

Disposición adicional primeira

1. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá e levará a cabo campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral para sensibilizala no referente ás persoas con diminución visual, total ou parcial, acompañadas de cans guía, para que a súa integración sexa

real e efectiva.

2. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia pode actualizar por decreto os máximos das sancións pecuniarias establecidos no artigo 13.

Disposición adicional segunda

Facúltase a Xunta de Galicia para que, no ámbito das súas competencias, dicte as normas necesarias para a execución e aplicación da presente lei.

Disposición adicional terceira

As corporacións locais, no ámbito das súas respectivas competencias, adaptarán as súas ordenanzas municipais sobre a materia ás normas contidas na presente lei no prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor dela.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1996

Manuel Fraga Iribarne
Presidente